



O Concello de Arbo, no seu interese por promocionar a Gastronomía, Hostalaría, Adegas e a Festa da Lamprea, organiza o sorteo denominado “Arbo, Vila Da Lamprea”.

Este Sorteo ten como obxectivo primordial dar a coñecer a Lamprea e os viños de Arbo e promover os Restaurantes e Casas de Turismo Rural que ofrecen este produto.

Esta actividade promocional realízase ao abeiro do disposto no art. 25.2 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que outorga competencias aos municipios sobre a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Poderá participar no sorteo, todo comensal que nos restaurantes e casas de Turismo Rural, participantes na Campaña.

Os establecementos darán a cada comensal un boleto que deberán cumprimentar cos datos persoais e teléfono de contacto e entregar na mesma entidade.



Os premios de “Arbo,Vila da Lamprea” consistirán:

Unha invitación consistente nunha estancia de unha noite para dúas persoas nunha das casas rurais de Arbo, en réxime de aloxamento e almorzo.

Unha invitación consistente nunha estancia de unha noite para dúas persoas nunha das casas rurais de Arbo, en réxime de aloxamento e almorzo.

Unha comida ou cena para dúas persoas de menú degustación no restaurante de Arbo no que obtivo a participación do sorteo.

Unha comida ou cena para dúas persoas de menú degustación no restaurante de Arbo no que obtivo a participación do sorteo.

Unha comida ou cena para dúas persoas de menú degustación no restaurante de Arbo no que obtivo a participación do sorteo.

1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo presentes na Viñoteca Municipal situada no ARABO.



1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo presentes na Viñoteca Municipal situada no ARABO.

1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo presentes na Viñoteca Municipal situada no ARABO.

1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo presentes na Viñoteca Municipal situada no ARABO.

1 lote de viño da D.O Rias Baixas das adegas de Arbo presentes na Viñoteca Municipal situada no ARABO.

: Os restaurantes dispoñerán dos boletos necesarios para entregar o cliente e tamén serán os responsables de recollelos cubertos polos comensais e entregalos ao Concello de Arbo antes do sorteo dos boletos ganadores.

Os boletos deberán estar cuñados co Selo do Establecemento.

O período de vixencia da participación na promoción é dende o 15 de febreiro ata o 15 de maio de 2019.



O sorteo se realizará o 4 na Casa Consistorial, ante o alcalde, o Concelleiro de Cultura e un funcionario que actuará como secretario e dará fé do acto.

Os premiados recibirán unha comunicación por e-mail ou vía telefónica para coñecer a obtención do premio e recibirá un ticket con nome, apelidos e DNI que presentara na hospedaxe onde efectuará a durmida, no local onde degustara o menú ou no Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea “Arabo”, donde serán recollidos os estuches de Viño.

Os premiados poderán gozar do seu premio dende o 20 de maio ata ó 31 de xuño de 2019 e dende o 15 de setembro de 2019 e o 31 de outubro de 2019.

A casa rural de Arbo na que os gañadores poderán desfrutar da súa estancia, será escollida polo gañador en función das opcións dispoñibles no momento de desfrute do premio.

Os portadores dos boletos coa súa participación neste sorteo estarán pondo de manifesto que non se atopan incursos en prohibición para ser beneficiarios do premio.



Así mesmo, están dando a súa conformidade para que o Concello faga uso dos seus datos persoais (nome e apelidos e lugar de residencia) para publicar a obtención do premio.

A participación dos restaurantes nesta promoción é libre e acordarase previamente ao inicio da promoción.

O concello comunicará con antelación o nome dos restaurantes adheridos.

A participación neste sorteo implica a aceptación íntegra destas bases.

O Concello de Arbo, en cada caso, quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

O Alcalde do Concello de Arbo. Horacio Gil Exposito. Sinatura electrónica